

31/2019. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 27 DECEMBRO DE 2019.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as once horas do día 27 de decembro do ano dous mil dezanove (ao abeiro do cambio de día e hora acordado no Pleno de 27 de novembro de 2019), previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Ana María Gómez Peña (auséntase da sesión, con permiso da presidencia, ás 11.25 horas, no punto núm. 6 da orde do día).

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DAS SESIÓNS REALIZADAS OS DÍAS 27.11.2019 (27/2019), 10.12.2019 (28/2019) E 10.12.2019 (29/2019).

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, bos días. Damos comezo á sesión plenaria co primeiro punto da orde do día, que é a aprobación da acta das sesións realizadas os días 27.11.2019, 10.12.2019 e 10.12.2019. Imos a votalas por separado. Comezamos coa acta do día vinte e sete do once, votos a favor, abstencións...

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 27.11.2019 (27/2019).

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, votamos agora a do día dez do doce. Votos a favor.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión extraordinaria urxente realizada o día 10.12.2019 (28/2019).

Sr. Alcalde (que traducido di): E votamos a do dez do doce. Votos a favor.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión extraordinaria para o debate e votación da moción de censura realizada o día 10.12.2019 (29/2019).

2.- MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN E PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DO CONCELLO DE MUGARDOS.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao segundo asunto. Modificación da composición e periodicidade das sesións ordinarias das comisións informativas permanentes do Concello de Mugardos. Bueno, o asunto ven ditaminado da comisión correspondente. Bueno, a proposta é: Modificar a composición das comisións informativas permanentes do Concello de Mugardos que quedarán integradas tal e como se relaciona de seguido: -Tódalas comisións constarán de un membro de cada grupo municipal, e o sistema de votación será por voto ponderado. A modificación da periodicidade... Modificar a periodicidade coa que se levarán a cabo as sesións ordinarias das comisións informativas permanentes do Concello de Mugardos, quedando establecida tal e como figura de seguido: - A periodicidade das sesións ordinarias das Comisións Informativas Permanentes do Concello de Mugardos, agás as da comisión especial de Contas, será quincenal, excepto durante os meses de xullo e agosto, en que será mensual. Bueno, a comisión informativa de facenda, persoal e participación cidadá ten unha periodicidade do primeiro e terceiro xoves de cada mes ás 11.30 horas. E alternativo en caso de coincidir as sesións ordinarias en festivo o día anterior hábil. Vale e... bueno, o ditame da comisión extraordinaria, modificación e... ven ditaminada pola comisión con tres votos a favor, dous do Partido Popular, un do PSOE e tres abstencións, dous de Esquerda Unida-En Común, e un do BNG... informa ditaminar favorablemente. A proposta de sistema de votación tamén está sometida a votación, con tres votos a favor do Partido Popular, un do PSOE, e tres abstencións, dous de Esquerda Unida e un do BNG; e ven ditaminado favorablemente da comisión correspondente. A comisión extraordinaria de Benestar Social, tamén en comisión, por catro votos a favor, 3 PP e 1 PSOE, tres en contra, 2 Esquerda Unida e 1 BNG, tamén acorda o réxime de sesións das comisións informativas. E... a sesión extraordinaria da comisión informativa de... tamén o sistema de emisión de voto ponderado, pola comisión, con catro votos a favor, 3 do PSOE... 3 do PP, perdón, 1 do PSOE, e 3 en contra, 2 de Esquerda Unida e 1 do BNG. Comisión de Cultura, Turismo, Mocidade e Deportes, tamén a elección de presidente, tres votos a favor, 2 do PP e 1 do PSOE, tres abstencións, de Esquerda Unida-En Común e 1 do BNG; e a fixación de hora e... do día e hora de celebración de sesións, tamén a comisión, por 5 votos a favor, 3 PP, 2 Esquerda Unida-En Común, e 2 abstencións, PSOE e BNG, acorda establecer o réxime de sesións da comisión informativa de cultura tamén. E o sistema de votación, tamén, sae a favor cos votos na comisión, 4 votos a favor, 3 do PP, e 1 do PSOE, e 3 abstencións, de Esquerda Unida e BNG. Por último e... a extraordinaria de facenda tamén, réxime de sesións, rematadas as intervencións, a comisión por 5 votos a favor, 2 do PP, 2 Esquerda Unida e 1 PSOE, e unha abstención do grupo do BNG, acorda fixar o réxime tamén da periodicidade das comisións, tal e como figura no expediente. E por último a comisión de

facenda, tamén ditaminado de comisión, con tres votos a favor, 2 do PP e 1 do PSOE, e tres abstencións, 2 de Esquerda Unida e 1 do BNG, tamén acorda e... tal como figura no expediente, a periodicidade das comisións. Bueno, se hai algunha palabra ao respecto abrimos un turno. Si, Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, hola, bo día a todos e a todas. Eu simplemente que quería... a ver si me pode facer unha aclaración, por que eu teño recollido nas comisións, e posiblemente será porque me equivoquei eu, porque o ditame di tal, pero eu teño recollido que a Comisión de Facenda ía a ser o primeiro e o terceiro mércores ás 9.30, e aquí figura ás 10.30.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si, está ben. Si, está ben, se corrixe no expediente. Si, está correcto, tal e como se aprobou na comisión.

Sr. Varela Filgueiras: Ou sexa, está ben o ditame.

Sr. Alcalde (que traducido di): Da comisión si.

Sr. Varela Filgueiras: Ás 10.30, primeiro e terceiro mércores ás 10.30.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si, o que ven no ditame de comisión.

Sr. Varela Filgueiras: Eu tiña ás nove e media. Pero bueno...

Sr. Alcalde (que traducido di): Claro, non... non... si, bueno, non hai problema, fíxase no decreto e xa queda todo correcto, non hai ningún problema niso despois.

Sr. Varela Filgueiras: E ben sei, bueno, despois tiña a de urbanismo, primeiro e terceiro xoves ás dez e media tamén, e creo que aquí figura ás once e media, pero non sei moi ben... si quedara así, dez e media ou once e media.

Sr. Fernández Fernández: E a de servizos sociais... perdón, a de obras e servizos paréceme que era o xoves...

Sr. Varela Filgueiras: Si, esa si.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si, bueno, non pasa nada. Antes de asinar o decreto de... Bueno, pois se non hai ningunha palabra máis o sometemos a votación. Votos a favor, abstencións.

Rematadas as intervencións, sométese a votación o asunto. e o Pleno da Corporación, por 5 votos a favor (5 PP) e 8 abstencións (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG), acorda presta-la súa aprobación á proposta da Alcaldía de data 16.12.2019, obrante no expediente, e en consecuencia, adoptar os seguintes acordos:

1.- Modificar a composición das comisións informativas permanentes do Concello de Mugarodos que quedarán integradas tal e como se relaciona de seguindo:

-Tódalas comisións constarán de un membro de cada grupo municipal, e o sistema de votación será por voto ponderado.

2.- Modificar a periodicidade coa que se levarán a cabo as sesións ordinarias das comisións informativas permanentes do Concello de Mugarodos, quedando establecida tal e como figura de seguindo:

- A periodicidade das sesións ordinarias das Comisións Informativas Permanentes do Concello de Mugarodos, agás as da comisión especial de Contas, será quincenal, excepto durante os meses de xullo e agosto, en que será mensual.

3.- MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DO 26.06.2019 DE NOMEAMENTO CONCELLEIROS/AS PARA REPRESENTAR Á CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

Sr. Alcalde (que traducido di): E o terceiro punto é a modificación do acordo plenario do 26.06.2019 de nomeamentos concelleiros para representar á corporación en órganos colexiados. Bueno, quedaría da seguinte maneira. A proposta de acordo nomeamento de concelleiros para representar á corporación en órganos colexiados, na Mancomunidade de Municipios pois a representación será obtentada pola Alcaldía e o seu substituto será o Concelleiro Municipal do Partido Popular, José Miguel Mahía Prados. Asociación Grupo de Acción Local (GALP) Golfo Ártabro, a representación será obtentada pola Alcaldía, e o substituto será o concelleiro Municipal, tamén, José Miguel Mahía Prados. En canto á Asociación SEITURA22, será a representante Dna. Ana María Varela Bastida, e o seu substituto será o Concelleiro do Grupo Municipal D. José Miguel Mahía Prados. En canto ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, será obtentada pola concelleira Dna. Ana María Varela Bastida, e a súa substituta será a Concelleira Begoña Roldós Iglesias. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade estará obtentada polo... por Ana María Varela Bastida, e a súa substituta será a Concelleira do Grupo Municipal Dna. Begoña Roldós Iglesias, sendo nomeadas as técnicas de contacto Isabel Ríos Paz e Aránzazu Pardo Guillán. En canto á Mesa Local do Comercio estará integrada polos seguintes membros, Presidenta: Dna. Begoña Roldós Iglesias, Concelleira do Partido Popular. D. José Manuel... Suplente, Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular. Vocais: Titular Ana María Varela Bastida e suplente D. José Miguel Mahía Prados. E titular o funcionario administrativo do Concello Diego Seijo Alonso. En canto á Comisión de Seguimento do Convenio Básico Bilateral entre o organismo autónomo Jefatura Central de Tráfico e a entidade local Concello de Mugarodos, e... e tendo en conta o establecido etc, etc, o titular será D. José Miguel Mahía Prados, Concelleiro do Grupo Popular, e a suplente Ana María Varela Bastida. En canto á colaboración... ao Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano, e... o Concello está... estarán obtentada a representación pola Alcaldía, e o substituto será Jorge Manuel Kuntz Peiteado. En canto á Xunta Local de Seguridade, proponse nomear aos vocais do Concello de Mugarodos na Xunta Local de Seguridade, Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados e D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado. En canto ao Plan de emerxencia exterior da planta de recepción,

almacenamento, regasificación e expedición do gas natural licuado da empresa Regasificadora do Noroeste, nomear Representante no Comité Asesor: á Alcaldía, titular a Alcaldía e suplente Jorge Manuel Kuntz Peiteado. Representantes do Grupo Loxístico, por parte da Policía Local: Titular D. Roberto Corral López e suplente D. Juan Carlos Garcia Pardo. Por parte da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil: Juan Carlos Garcia Pardo e suplente Fidel González Esparis. Bueno, pois se hai algunha palabra ábrese un turno. Nada, pois sometemos a votación. Votos a favor, abstencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, tendo en conta o ditame da Xunta de Voceiros realizada en data 19.12.2019, por 8 votos a favor (5 PP, 3 PSOE) e 5 abstencións (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), acorda prestar a súa aprobación á proposta formulada pola Alcaldía en data 16.12.2019, obrante no expediente, e en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

Primeiro.- Nomear aos novos/as concelleiros/as que representarán á corporación nos órganos colexiados tal e como se relaciona de seguido:

- **Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ferrol.**

De acordo co disposto nos Estatutos da Mancomunidad a representación deste Concello será ostentada pola Alcaldía, e o seu substituto será o Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Miguel Mahía Prados.

- **Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Golfo Ártabro Norte 2014-2020.**

De acordo co disposto nos Estatutos da Asociación a representación permanente deste Concello será ostentada pola Alcaldía, e o seu substituto será o Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Miguel Mahía Prados.

- **Asociación SEITURA22.**

A representación permanente deste Concello na citada asociación será ostentada pola Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Dña. Ana María Varela Bastida, e o seu substituto será o Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Miguel Mahía Prados.

- **Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.**

De acordo co disposto nos Estatutos do Consortio a representación deste Concello nos órganos reitores do mesmo será ostentada pola Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Dña. Ana María Varela Bastida, e a súa substituta será a Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Dña. Begoña Roldós Iglesias.

- **Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade.**

De acordo coa previsión establecida no Artigo 18 dos Estatutos da asociación a representación deste Concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade será ostentada pola Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Dña. Ana María Varela Bastida, e a súa substituta será a Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Dña. Begoña Roldós Iglesias, sendo

nomeadas como técnicas de contacto dona M^a. Isabel Ríos Paz e dona Aránzazu Pardo Guillán, traballadoras sociais do Concello.

- **Mesa Local do Comercio.**

De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 13/2010, de 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia, a representación deste Concello na Mesa Local do Comercio estará integrada do seguinte xeito:

Presidente/a:

Titular: Dna. Begoña Roldós Iglesias, Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular.

Suplente: D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular

Vocais:

Titular: Dna. Ana María Varela Bastida, Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular.

Suplente: D. José Miguel Mahía Prados, Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular.

Secretario/a:

Titular: D. Diego Seijo Alonso, funcionario administrativo do Concello.

- **Comisión de Seguimento do Convenio Básico Bilateral entre o organismo autónomo Jefatura Central de Tráfico e a entidade local Concello de Mugar dos.**

Visto o texto do Convenio Básico Bilateral entre o organismo autónomo Jefatura Central de Tráfico e a entidade local Concello de Mugar dos, polo que se formaliza a súa adhesión ao Convenio Específico de colaboración subscrito entre o Organismo Autónomo Jefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de seguridade vial, aprobado polo Concello Pleno en sesión realizada o día 28.01.2011.

E tendo en conta o establecido na cláusula Sexta.- Comision de Seguimento, do citado convenio, é necesario proceder á designación duns novos representantes nomeados polo Concello.

Á vista do cal, propónse nomear representantes titulares e suplentes do Concello de Mugar dos para integrar a Comisión de Seguimento do convenio antes citado aos/ás concelleiros/as seguidamente relacionados:

Titular: D. José Miguel Mahía Prados, Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular.

Suplente: Dna. Ana María Varela Bastida, Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular.

- **Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol.**

O citado convenio entrou en vigor o mesmo día da súa sinatura e mantén a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2019.

Á vista do cal, propónse nomear representantes da corporación para o desenvolvemento do Convenio antes citado, tal e como de seguido se relaciona:

A representación deste Concello será ostentada pola Alcaldía, e a súa substituta será o Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado.

- **Xunta Local de Seguridade.**

Tendo en conta o establecido no artigo núm. 5 do citado Real Decreto 1087/2010, no que atinxe ao número de vocais da Administración Local que integrarán a Xunta Local de Seguridade,

propónse nomear os/as vocais do Concello de Mugaros na Xunta Local de Seguridade antes citada, tal e como de seguido se relaciona:

- Dna. Ana María Varela Bastida, Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular.
- D. José Miguel Mahía Prados, Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular.
- D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular.

• **Plan de emerxencia exterior da planta de recepción, almacenamento, regasificación e expedición do gas natural licuado da empresa Regasificadora do Noroeste S.A.**

Nomear aos representantes do Concello de Mugaros no Plan de Emerxencia Exterior da planta de recepción, almacenamento, regasificación e expedición do gas natural licuado da empresa Regasificadora do Noroeste S.A., tal e como figura de seguido:

Representante no Comité Asesor:

Titular: Alcaldía.

Suplente: D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular.

Representantes no Grupo Loxístico:

Por parte da Policía Local:

Titular: D. Roberto Corral López

Suplente: D. Juan Carlos Garcia Pardo

Por parte da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil:

Titular: D. Juan Carlos Garcia Pardo

Suplente: D. Fidel González Esparis

En consecuencia queda sin efecto o acordo do Pleno da Corporación de data 26.06.2019.

O presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen perxuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da data de aprobación do devandito acordo.

4.- ADICACIÓNS, DIETAS, ASISTENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS.

Tras deliberación, sométese o asunto a votación, e o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá de data 19.12.2019, por 8 votos a favor (5 PP, 3 PSOE) e 5 votos en contra (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), acorda presta-la súa aprobación á proposta da Alcaldía de data 16.12.2019, obrante no expediente e, en consecuencia, adoptar os seguintes acordos:

Primeiro. Establecer o réxime de dedicación exclusiva para o desempeño dos seguintes cargos:

1. Alcalde/sa-Presidente/a.
2. Concelleiro/a Delegado/a de Facenda, Persoal e Participación Cidadá.
3. Concelleiro/a Delegado/a de Benestar Social e Igualdade.

Segundo.- Establecer o réxime de dedicación parcial para o desempeño dos seguintes cargos:

1. Concelleiro/a Delegado/a de Obras, Servizos e Medioambiente

A estes efectos non se computarán nin abonaran máis de 12 sesións ordinarias por exercicio económico.

Sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local: 100€/sesión.

A estes efectos non se computarán nin abonaran máis de 24 sesións ordinarias por exercicio económico.

Comisións Informativas: 75€/sesión.

A estes efectos non se computarán nin abonaran máis de 22 sesións ordinarias por exercicio económico, para cada unha das Comisións Informativas Permanentes, agás a Comisión Especial de Contas cun tope de 2 sesións por exercicio económico.

Xunta de Voceiros: 70€/sesión.

A estes efectos non se computarán nin abonaran máis de 12 sesións ordinarias por exercicio económico. Aos efectos do cálculo do número de sesións, éste farase por grupo municipal é exercicio económico.

Aos efectos de xustificar o dereito ao cobro das indemnizacións, por asistencias ás sesión do Pleno, Xunta de Goberno, Comisións e Xunta de Voceiros, polos membros da corporación, por parte do Secretario do órgano Colexiado emitirase un certificado por cada sesión celebrada no que deberase acreditar a asistencia ou non ás mesmas. Non se terán en conta nin se aboaran as sesións constitutivas de cada un dos órganos Colexiados da Corporación, por non ter o carácter de sesión ordinaria nin extraordinaria.

Quinto.-Os membros da Corporación terán dereito a ser indemnizados mediante dietas polo importe establecido para o Grupo I no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

No referente aos gastos de locomoción será de aplicación o disposto no R.D. 462/2002, de 24 de maio.

Sexto.-A asignación aos grupos políticos municipais serán as vixentes establecidas nas Bases de Execución do Orzamento (nº 71),e que son as seguintes:

O compoñente fixo é de 1.000 €/ano por grupo político.

O compoñente variable é de 600€/ano por concelleiro.

Sétimo.- Derogar a base de execución do orzamento número 68.

Oitavo.-Entrada en Vigor

O presente acordo, no relativo ás dedicacións, as asistencias e as dietas, será de aplicación a partir da aprobación polo Pleno da Corporación, sen perxucio da súa publicación no B.O.P., na páxina web municipal (de acordo co establecido no art.32 do ROM) e no taboleiro de edictos do Concello, en cumprimento do artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde (que traducido di): Pasamos ao punto cuarto. Adicacións, dietas e asistencias de membros da corporación e asignacións aos grupos políticos. Bueno, a proposta de acordo e... que ven no expediente. Está ditaminada pola comisión, sería e... 3 dedicacións exclusivas, unha para o Alcalde, outra para o concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá, outra para a concelleira de Benestar Social e Igualdade, e unha parcial do concelleiro delegado de obras, servizos e medioambiente. Vale, bueno, o resto será e... hai que facer unha aclaración, en canto a sesións ordinarias, hai que facer unha emenda onde pon... na segunda páxina, onde pon sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno... e... hai que retirar o de extraordinarias, serían só as sesións ordinarias as que serían retribuídas. Bueno, e... hai unha emenda de parte do voceiro do BNG, que fai unha proposta que ten que ser votada como emenda que e... bueno, pois non sei si quere defendela el ou si a leo eu. Si... bueno, el propón que o réxime de dedicacións sexan dous para o grupo de goberno, unha para o Alcalde e outra para un concelleiro delegado. E que o réxime de dedicacións parciais sexa unha dedicación parcial para cada membro da oposición, un para Esquerda Unida, un PSOE e un BNG. Polo tanto, bueno, procede primeiro votar a emenda do BNG, se alguén ten algo que dicir ao respecto pois... sobre a emenda. Si, Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, eu simplemente quixera dicir que nós xa ao comezo desta corporación fixemos unha proposta que daquela non foi estudada, por que como ben dixer naquel debate, creo que o goberno naquel momento tardou pouco máis de tres minutos en estudar a nosa proposta, e esta a metín por rexistro hai uns días, pois supoño que cando o goberno non se dirixeu ao BNG para nada é que tampouco a vai a ter en consideración. Entón bueno, eu entendo que isto debería de debaterse un pouco antes ou polo menos poñerse en contacto co grupo que propuxo esta modificación, non se fixo así, entón me imaxino que hoxe vai a saír en contra. Nós non obstante, indubidablemente, como é a nosa proposta, vamos a votar a favor.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, se hai intervencións abrimos un turno. Miguel.

Sr. Mahía Prados: Bueno, Alcalde, concelleiros, veciños. Eu unha aclaratoria referente a este... a este punto. O que se fai é a partida total do Concello dedicada a adicacións dos grupos políticos mantense, o que se fai é unha reestruturación, antes había dúas dedicacións exclusivas agora... eran dúas dedicacións de, creo recordar, 25.000 euros, e que fan un montante de 50.000 euros. O que se fixo foi ese montante redistribuílo, dividiuse, os concelleiros de goberno cobrarán menos, pero hai unha adicación parcial a maiores, pero a base é a mesma, non se incrementa nin se diminúe. Referente ao tema de... comentaba Gemino, si que se tivo en conta unha proposta que presentou o BNG no seu momento, e que nós tamén defendimos, que é o aumento da periodicidade das comisións. Nós sempre entendimos que as comisións terían que ser quincenais para favorecer o control do goberno, e así vaise a facer, as comisións pasan de mensuais a quincenais e... bueno, esa é a parte que si que se recolleu e aquí se aprobou nos puntos anteriores, referente á periodicidade das comisións. Nada máis.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois entón temos que someter a votación a emenda feita por... ¿si?. Claro, pero é un punto para a emenda... para falar dela... bueno, bueno, abrimos un segundo punto, sin problema. Pilar.

Sra. Díaz Otero: Bueno, bos días a todas e a todos. Simplemente por unha aclaración. As adicacións... o montante total das adicacións parciais e exclusivas si sobe, con respecto ao último goberno, como ben dicía o portavoz do Partido Popular había dúas adicacións, unha de 30.000, que coincide exactamente coa que vai a facer o Alcalde agora, coa subida correspondente do IPC, e outra de 25.000 euros, o que facía un montante total de 55.000. As actuais, as que se van a votar no día de hoxe fan un montante total de 80.000, que é coincidente coas... montante que existía cando se gobernaba Esquerda Unida e Partido Socialista, ao principio da corporación, pero non con respecto ao último goberno. Feita esta... feita esta aclaración, nada máis.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois se non hai máis palabras sometemos a votación a emenda feita polo BNG. Votos a favor, abstencións, votos en contra.

De seguido, sométese a votación a emenda presentada en data 19.12.2019 polo voceiro do Grupo Municipal do BNG, e o Concello Pleno, por 8 votos en contra (5 PP, 3 PSOE), 1 voto a favor (1 BNG) e 4 abstencións (4 EU-SON EN COMÚN), acorda rexeitar a aprobación da citada emenda.

Sr. Alcalde (que traducido di): Rexéitase a emenda entón. Bueno, e agora votaremos a proposta de acordo, non sei si... bueno, si queredes facer algún comentario, algún turno. Si, abrimos un turno de palabras. ¿Palabras?. Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno. Hola, bo día a todos e a todas outra vez. Ben, eu só vou a añadir un par de cousas ao que xa dixen cando debatimos as anteriores adicacións, ao principio da corporación. E a primeira das cousas que vou a dicir é que me sorprende a rapidez e a facilidade con que algún dos grupos municipais que están representados hoxe aquí neste Pleno pois cambian de criterio. Naquel momento o Partido Popular estaba de acordo coas reivindicacións que facía o BNG, tanto na periodicidade das comisións como no das adicacións para... para a oposición. E o certo é que agora que goberna, tamén é certo que vai a cambiar a periodicidade das comisións, que van a pasar a ser quincenais en lugar de mensuais, pero sorprendentemente tamén esquece as adicacións para a oposición, que non así para o goberno, porque o certo é que as do goberno van a pasar de tres a catro, cando naquel momento o goberno estaba formado por sete concelleiros e concelleiras, e neste momento está formada única e exclusivamente por cinco persoas. Pero tamén resulta moi sintomático e sorprendente o do Partido Socialista, que bueno, realmente tampouco sei a día de hoxe si é Partido Socialista ou son non adscritos, porque non... non o teño aínda moi claro, pero o certo é que naquel momento, ao principio da corporación, entendía que facer as comisións con carácter mensual era dabondo para levar a cabo todo o traballo que había que desenvolver neste Concello. E agora, sen ningún tipo de rubor, vai a votar a favor de que as comisións sexan quincenais. E tamén é certo que naquel momento negouse a debater e a estudar a proposta do BNG en canto ás adicacións para a oposición, e baseaban iso en dicir que dous dos seus concelleiros ían a ter responsabilidade de goberno e sen embargo non ían a ter adicación. Pois ben, agora vai a votar a favor de que

practicamente todo o goberno teña unha adicación, xa que o 60% vai a ter unha adicación exclusiva e o 40% restante pois practicamente vai a ter unha adicación parcial, unha xa contemplada e a outra, aínda que dunha maneira un pouco encuberta, pero tamén é unha adicación parcial. E bueno, o certo é que tampouco me sorprende, e así o dixeran xa no debate da moción de censura, cando lle dixeran ao Partido Socialista que ía a gobernar co Partido Popular dunha maneira encuberta e dende a sombra, pero que á fin e ao cabo ía a gobernar co Partido Popular. E esta creo que non é máis que a primeira proba de que todo isto vai a ser así.

Sr. Alcalde: José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Bueno, bos días. Ben, imos ver. Eu isto, si, efectivamente xa o faláramos o día da moción de censura, xa o comentaba, por que o Bloque ten un problema coas... coas dedicacións, eu non sei porque... non sei. Eu... nós cremos que o Concello non se atopa nunha situación agora mesmo... cando menos nós non sabemos si a situación é mala ou boa, pero dende logo nós non o temos claro cal é a situación do Concello agora mesmo, e iso que estivemos no goberno catro meses e estamos agora na oposición. Entón nós, como dixeran noutras intervencións anteriormente, non estamos en contra de que haxa unha dedicación para a oposición, non estamos en contra, pero neste momento cremos que non é oportuno, porque a situación do Concello é bastante... bastante estraña, bastante descoñecida. En canto a si o Partido Socialista, os concelleiros do Partido Socialista son do Grupo Socialista ou non adscritos pois iso será unha cuestión do Partido Socialista e dos concelleiros, agora mesmo somos o grupo socialista, co cal... co cal non sei si alguén quere pedir ao Partido Socialista que nos quite do grupo, imos, non o sei, non o entendo, non entendo a que ven isto aquí ¿non?. E en canto ás modificacións nas comisións, as comisións eran mensuais, coa intervención de dous membros de cada grupo, dos grupos porcentualmente, e agora pasa a ser por porcentaxe, co cal vai a ir, van máis ou menos, o que é o gasto para o Concello, vai a ser máis ou menos o mesmo, e nós non imos votar a favor ademais, a periodicidade, ímonos a abster, porque non é unha cuestión que nós propuxéramos nin moito menos, a parte de que non a podemos propoñer porque non estamos no goberno ¿non?. A dedicación do goberno nós estamos de acordo con que o que ten unha... pois unha concellería, ten unha responsabilidade e ten un traballo, estamos de acordo con que cobre, independentemente do grupo ao que pertenza, e estábamos de acordo tanto fai seis meses pois como agora, nese sentido non... non variamos a nosa posición. E en canto ás... ao de gobernar, nós dende a... bueno, dende a escuridade, ou dende o lado escuro, non o sei, nós non estamos gobernando, nós estamos na oposición igual que vostede e igual que Esquerda Unida, o que pasa é que entendemos que o goberno municipal, ademais dos que están na alcaldía, tamén son a oposición, entón nós o que imos a esixir dende a oposición é que teñamos a documentación e teñamos as... todo o necesario para poder facer esa oposición. E por iso é polo que temos primeiro que pedir e despois se pode haber dedicacións para todo o mundo pois moi ben, encantados. Pero polo momento é iso. E as modificacións do regulamento orgánico, si efectivamente, nós sempre imos estar de acordo en que se modifique o regulamento orgánico e que se adapte ao uso e ao que realmente... á realidade, e se hai cousas que non se adaptan, como parece que así acontece. Entón por iso o noso voto, xa digo, vai a ser en canto á modificación das periodicidades ímonos a abster e o resto ímolo a votar a favor porque entendemos que o que ten que facer un traballo e que ten unha responsabilidade, pois debe de cobrar, efectivamente.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois pechado xa o turno de intervencións sometemos a votación a proposta. Si. ¿Como?. ¿Queres un segundo turno?. Bueno, pois abrimos un segundo turno.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno. Simplemente dicir que eu pregunto si son do Partido Socialista ou non adscritos, porque indudablemente ser unha cousa ou outra ten distintas connotacións; e unha delas é que como concelleiros non adscritos teñen dereito a ir a tódalas comisións, a parte de como Partido Socialista, entón o coste económico non vai a ser o mesmo, si vostedes son non adscritos que si son do Partido Socialista, porque no Partido Socialista son tres, terían que dividirse para as comisións, e o certo é que cobraría o que vai as comisións, pero como non adscritos poden ir a todas. E bueno, e despois en canto ao do Partido Popular, de que... porque vin que o voceiro do Partido Popular movía a cabeza cando dixen que o Partido Popular asumía as reivindicacións do BNG en canto ás adicacións, e dicía negándoo, é certo que o Partido Popular presentou, creo que o día 26 de outubro unha proposta para as comisións e para as... en contestación á proposta que naquel momento fixera o goberno de Esquerda Unida, na cal falaba de que única e exclusivamente o punto que non lle valía era o punto de que a comisión de obras fora quincenal en lugar de mensual... mensuais, que quería todas as comisións mensuais, pero non negaba para nada as adicacións que propoñía Esquerda Unida.

Sr. Alcalde: Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si, e... non me tocaría aclaralo, pero creo... pedinlle ao Alcalde a oportunidade de facelo, a día de hoxe, referente a si o PSOE é ou non é un grupo... a este Concello non entrou nada que diga o contrario, polo tanto mentres non chegue nada a este Concello é o grupo socialista, non hai máis. E referente ao que di vostede do meu escrito... bueno, do meu escrito non, do escrito do voceiro do Partido Popular, o escrito ten data 24 e recordo textualmente que o encabezamento dese escrito di, despois da proposta exposta pola Alcaldesa, que viu á noso despacho a ofrecela, a nosa contra... non é unha contraoferta, pero... a nosa contraproposta era que non houbera dedicacións, era que houbera as comisións quincenais, porque preferíamos que houbese un control do goberno. Nós, píddolle, por favor, dende que empezou a lexislatura, que revise as actas de plenos a ver si nalgún pleno ou nalgunha comisión o Partido Popular de Mugardos pediu unha dedicación para eles.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, por alusións. Veña.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Bueno, por... dado que fai referencia ao escrito do 24, do portavoz do grupo popular, vou a ler nada máis os primeiros párrafos, e que está rexistrado o 24 de outubro ás 12.21, Juan Domingo de Deus Fonticoba, como portavoz do Grupo... bueno do Grupo Popular no Concello de Mugardos, expón que tras vir a Alcaldesa ao despacho do Partido Popular esta mañán a ofrecer a seguinte proposta, recurtar comisións de 5 a 3, asignar unha dedicación, cambiar a periodicidade de tódalas comisións de mensual a quincenal e así mesmo lle informamos de que non aprobaremos tal... e acto seguido, na do día 23, asignar unha dedicación a cada grupo político da oposición.

Sr. Alcalde (que traducido di): Non, bueno, en todo caso... en todo caso e... entendo que queira aproveitar o seu turno, pero sabe vostede, Pilar, que está mentindo. En todo caso e.... bueno, en todo caso non é así. Bueno, en todo caso rematado xa o turno de intervencións sometémolo a votación. Votos a favor, abstencións, votos en contra.

5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN S DA ALCALDÍA NÚMS. 1413/2019, 1414/2019 E 1415/2019.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, pasamos ao punto quinto, que é dar conta das resolucións da alcaldía números 1413, 1414 e 1415 do ano 2019.

O Pleno da Corporación dase por informado das resolucións da alcaldía que de seguido se relacionan:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 1413/2019, de 13.12.2019**, sobre cesamento de concelleira no cargo de presidenta efectiva da comisión informativa de educación, cultura, turismo, mocidade e deportes e finalización do réxime de dedicación exclusiva.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 1414/2019, de 13.12.2019**, sobre cesamento dos anteriores membros da Xunta de Goberno Local e tenentes de alcalde, nomeamento de novos integrantes da Xunta de Goberno Local e tenentes de alcalde, delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local e fixación do día e hora de realización das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 1415/2019, de 13.12.2019**, sobre cesamento de concelleiros nos cargos de presidentes efectivos de comisións informativas.

6.- DAR CONTA DO ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE DESIGNACIÓN DE NOVO VOCEIRO.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, o punto sexto é dar conta do escrito do Grupo Municipal do Partido Popular sobre designación de novo voceiro. Bueno, o Grupo Popular nomea voceiro do Grupo Municipal a José Miguel Mahía Prados. Dase conta.

Dase conta da designación do concelleiro D. José Miguel Mahía Prados como novo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular.

INCIDENCIA: Faise constar que no presente punto da orde do día, sendo as 11.25 horas, auséntase da sesión, con permiso da presidencia, a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña.

7.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚM. 1306/2019 Á 1440/2019, AMBAS INCLUSIVE.

Sr. Alcalde (que traducido di): E punto sétimo é dar conta das resolucións ditadas pola Alcaldía dende o anterior Pleno Ordinario, resolucións 1306/2019 a 1440/2019, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións da Alcaldía núms. 1306/2019 á 1440/2019, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario.

DECLARACIÓN DE URXENCIA:

Sr. Alcalde (que traducido di): E... non sei si hai algunha moción por urxencia. Si.

A-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA-SON EN COMÚN SOBRE PRESENTACIÓN DE OFERTA Á 4ª SUBASTA DE PARCELAS SITAS NO P-4.

Sra. Díaz Otero: Bueno, para xustificar a urxencia, que é o que corresponde antes de debatir a moción, si a urxencia fora aprobada favorablemente, ten que ver coa subasta que está a realizar o Ministerio de Facenda de tres parcelas correspondentes ao P4, e que como todo o mundo sabe o Concello leva comprando parcelas nese polígono dende fai dous anos. Dado que a proposta para poder participar na cuarta é última subasta ten que ser presentada antes do 31 de xaneiro, como último día é o 31 de xaneiro, entendemos que está xustificada a moción para que o Pleno poida debatir acudir á subasta si fora necesario.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois e... votamos entón a urxencia. Votos a favor, abstencións.

Logo de efectuar a exposición dos motivos que xustifican a votación da urxencia do asunto citado, o Pleno da Corporación, **ACORDA:**

Por 8 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG) e 5 abstencións (5 PP) e, polo tanto, co quorum esixido no artigo 57.2 do Regulamento Orgánico Municipal, declarar de urxencia o asunto: **“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA-SON EN COMÚN SOBRE PRESENTACIÓN DE OFERTA Á 4ª SUBASTA DE PARCELAS SITAS NO P-4.”** incluído na orde do día, e tratalo antes de rogos e preguntas, como punto núm. 8.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, apróbase a urxencia, en todo caso.

8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA-SON EN COMÚN SOBRE PRESENTACIÓN DE OFERTA Á 4ª SUBASTA DE PARCELAS SITAS NO P-4.”

Sr. Alcalde (que traducido di): E... pois entramos entón na moción.

Sra. Díaz Otero: Bueno, a moción o que solicita é instar ao goberno municipal a que adopte todos cantos procedementos e acordos sexan necesarios para poder presentar oferta á 4ª subasta, a celebrar o 6 de febreiro. Este é un procedemento que se iniciou xa no ano 2015, cando o Concello remiteu a Facenda os datos que tiña sobre esas tres parcelas. A partires de ahí, en outubro de 2017 o Ministerio de Facenda abría o expediente, sendo notificado este asunto ao Concello para a súa exposición no taboleiro de anuncios, como parte indispensable para continuar a súa tramitación. E como consecuencia dese expediente, o 12 de marzo de 2018, por resolución do Ministerio incorporaba as parcelas ao Patrimonio Xeral do Estado. As tres parcelas, que son colindantes co Cine Zárate, suman un total de 585 metros cadrados. Durante o 2018 e o 2019 o Concello se reuniu en varias ocasións coa Subdelegadoado Goberno e co Delegado de Economía e Facenda solicitando en primeira instancia a cesión gratuíta das citadas parcelas, que foi rexeitado polo Delegado de Economía e Facenda, así despois como a venda directa das parcelas que tamén se negaron dende o Delegado de Economía e Facenda pola diferenza abismal que había na valoración previa da que dispoñía Facenda e da que dispoñía o Concello. Bueno, unha vez agotadas todas estas posibilidades, o Ministerio de Facenda as saca a subasta no BOP do 12 de xullo de 2019 publicaba a súa convocatoria, cun prezo de saída de 95,68 euros/metro cadrado, puidendo ser minorada, como así está sendo, ata nun 15% en cada unhas das seguintes convocatorias da subasta. O 6 de febreiro de 2020 vai a ser... se vai a proceder a celebrar a cuarta subasta sendo que ter presenada oferta a día 31 de xaneiro de 2019 como data límite para poder participar. Tendo en conta que o Concello ten unha nova valoración que permitiría poder presentar unha oferta para a compra destas tres parcelas, que cremos que é moi importante, dado o esforzo que leva facendo o Concello nos últimos anos na compra de parcelas dentro do P4, e ademais por ser colindantes co Cine Zárate, cunha superficie nada desdeñable de 585 metros cadrados, é polo que solicitamos instar ao goberno municipal a que adopte todos os procedementos que sexan necesarios para poder presentar a oferta nesa cuarta subasta que se vai a celebrar o 6 de febreiro.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois abrimos un turno de intervencións. ¿Peticións?.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno...

Sr. Alcalde (que traducido di): Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Nós dicir que... que... así como votamos a favor da urxencia tamén imos a votar a favor da moción, porque entendemos que o acudir a esta poxa é unha moi boa oportunidade para o Concello pois para que se poida facer con estes terreos, porque iso nos

vai a permitir planificar o desenvolvemento desas parcelas sen ningún tipo de ataduras. E porque creo que ter a titularidade deses terreos vai a facilitar moito as futuras xestións para poder levar a cabo os distintos proxectos que se podan formular neses terreos.

Sr. Alcalde: José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Bueno, nós votamos a favor da urxencia, cremos que todo o que sexa bo para... para o Concello, e neste caso pois si, efectivamente, é unha parcela que é moi interesante, digamos que se debe discutir. O que si, quería recalcar un pouco no tema de que se este é un tema tan urxente e tan importante non entendo porque a Alcaldía non o traspasou directamente á nova Alcaldía, porque non se fixo un traspaso... nós non o sabemos... e... isto que sabemos, sabémolo porque nolo están contando pero non vimos ningunha documentación ao respecto do que se leva feito ata o de agora, se estamos na cuarta poxa entendo que houbo tres poxas anteriores, non sabemos si os prezos se aumentaron ou non, se hai posibilidade de compralos libremente, é todo como moi incerto para nós, non hai, que eu lembre, dende que estamos nós no goberno, non foi a ningunha comisión informativa este tema, non sei, creo que é un tema de importancia suficiente, estamos falando de 95... 95 ou 96 euros/metro cadrado, isto faría un prezo ao redor de 55.000 euros, máis ou menos, e ir á poxa, logo, depende despois do prezo que quede na poxa, entón entendo que é algo importante como para ir a unha comisión. Despois bueno, pois en... non sei si o goberno actual pode asumir esta... a participación nesta poxa co prazo dun mes, non o sei, si é así nós estamos de acordo en que se intente ir á subasta ou que se intente facer a compra directa ou adquirir a parcela do xeito que sexa posible. Cremos que si, que é moi positivo.

Sr. Alcalde: Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si, bueno. Eu... nós cando nos entregou a... onte, o voceiro de Esquerda Unida a moción, pregunteille directamente a Pilar pois un pouco como funcionaba este tema ¿non?, cal era... a ver se había documentación, porque nós non sabíamos nada, díxome que falara co secretario, que falara con contratación para ver como estaba isto, alí fun. E polo que sabemos o único que hai é iso, as poxas foron quedando desertas unha tras unha, ata chegar agora á poxa que está aberta para o día 6, e acto seguido o que fixo o goberno pois foi falar tanto con secretaría coma con intervención para saber pois si estamos en condicións ou non de poder presentarnos a esa poxa. E... un dos problemas que nos atopamos foi que precisamente como non temos un plan económico financeiro, que vimos reclamando dende fai tempo, non sabemos ata que punto se vai a poder facer unha modificación orzamentaria de Pleno, non sabemos si é por parte de Alcaldía se permitirían ese tipo de modificacións orzamentarias que autoriza o Alcalde. Si que se está traballando neste sentido de... intentar buscar unha solución para estar nas mellores condicións posibles de ir a esa poxa, e dende o goberno si que pode trasladar que, obviamente e como non podía ser doutra forma, e como comparten tódolos grupos do Pleno, é unha parcela que está no centro, que é imprescindible para o desenrolo urbán do casco de Mugardos, e nós, obviamente estamos interesados. A día de hoxe, o que pode adiantar é que nós xa hemos iniciado os trámites nada máis ter coñecido esta situación através da presentación desta moción, e que se se pode e... se finalmente intervención do Concello e a

secretaría do Concello din que estamos en condicións de presentarnos a esa poxa, nós vamos a asistir a esa poxa.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, pois algunha intervención máis, ¿queres falar?. Non. Bueno, pois entón sometémolo a votación. Votos a favor.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal de Esquerda Unida-SON EN COMÚN sobre presentación de oferta á 4ª subasta de parcelas sitas no P-4, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Instar ao goberno municipal a que adopte todos cantos procedementos e acordos sexan necesarios para poder presentar a oferta á 4ª subasta, a celebrar o 6 de febreiro.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, e... pasamos ao punto oitavo, rogos e preguntas. Imos iniciar unha tanda de rogos. Aqueles concelleiros que teñan algún rogo, por favor que o comuniquen. Si, Iván... Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, eu simplemente rogaría, se pode ser, porque claro, tampouco sei moi ben de quen depende toda a xestión deste tipo, é que hai sitios onde nos contenedores de lixo pois non hai contenedores amarelos, e entón quédalle á xente moi a desmán o poder reciclar. E eu creo que si o que pretendemos é que a xente recicle pois teremos que darlle tódalas facilidades do mundo. Estou falando, por exemplo, pois de... me fixei estes días no caso do Novás, vas ao Novás e ten alí un contenedor do lixo pero non ten ningún contenedor amarelo, non sei si os contenedores amarelos son todos das mesmas dimensións, porque o certo é que alí hai menos poboación, pero si se lles pode colocar algún pois creo que sería unha maneira de facilitar a reciclaxe. E bueno, falo do Novás neste caso como supoño que por aí adiante haberá máis sitios ¿non?.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, pois agradecemos ese... ese rogo. E... Iván.

Sr. Martínez González: Si, bueno, bos días a todos e a todas. Nós e... rogar que se nos envíe o rexistro de entrada e saída, porque dende o día once deste mes non recibimos nada.

Sr. Alcalde: Si.

Sr. Mahía Prados: Si, unha aclaración referente a este último e... disculpar non mandalo, pero bueno, entre os días de vacacións... e houbo un problema no TEDEC coa Plataforma da Deputación, entón houbo moitos retrasos á hora de rexistrar telematicamente, pero si, agora mesmo, despois do Pleno, falaremos co persoal municipal para que llo remita. Desculpade as molestias.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno e... en canto ás preguntas... bueno, vistas as preguntas feitas por Esquerda Unida, bueno, quería resaltar, en primeiro lugar, que segundo o regulamento, no artigo 61, o punto dous, a formulación das preguntas será proporcional e cada grupo formulará ata un máximo de dúas preguntas por concelleiro de resposta oral en cada pleno ordinario, que deberán presentarse por escrito na secretaria xeral do Concello, cunha antelación mínima de 24 horas á celebración do Pleno. O punto tres di que as intervencións nas preguntas se limitarán á súa formulación e á toma en consideración ou contestación por aquel ou aquela ao que se dirixan. Sinto lamentar que o regulamento especifica que teñen que dirixir vostedes as preguntas a alguén en concreto, cuestión que non hai en ningunha das preguntas que vostedes formularon, polo tanto é moi imposible facilitar a labor do goberno se vostedes non dirixen as preguntas a alguén en concreto. E outra cuestión significativa é que dous dos compoñentes do grupo de Esquerda Unida presentaron as preguntas fora de prazo. Tendo en conta que gobernaron este Concello e que fixeron vostedes o regulamento deberían de ter isto en consideración para outros plenos. Polo tanto ao non entrar en consideración co regulamento municipal levántase a sesión.

E sendo as once horas e corenta minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe
O ALCALDE